


Área dos prismas


A **área** dun prisma ou de calquera poliedro, é a suma das áreas de cada unha das súas caras. Podemos distinguir:

Área lateral: Suma das áreas das caras laterais. No prisma as caras laterais son rectángulos.


Área total: É a suma da área lateral e a área das dúas bases. As bases son dous polígonos iguais.




Paralelepípedo:
prisma rectangular recto.



1. As dimensións dun ortoedro (prisma rectangular ortogonal) son 4 cm, 3 cm e 12 cm. Calcula a área total



2. Calcular a área lateral e a área total dun prisma triangular de 40 centímetros de altura e 25 centímetros de aresta da base.




Área da pirámide


Ao desenvolver unha pirámide obtense a base que é un polígono e as caras laterais que son triángulos.

Área lateral: Suma das áreas das caras laterais.

Área total: É a suma da área lateral e a área da base. A base é un polígono calquera, regular ou non. (Aquí traballaremos con bases que son polígonos regulares).



Pirámide de base cadrada



Desenvolvemento dunha pirámide de base cadrada: obtéñense catro triángulos isósceles iguais e un cadrado

3. Calcula a área lateral e a área total dunha pirámide de base cadrada de 25 cm de aresta lateral e 15 cm de aresta da base.